



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Literatura Galega e Estudos Socioculturais	Código	613G02032	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo da literatura galega desde a perspectiva dos estudos de xénero, sistémicos, identitarios, emerxentes, etc. Neste curso académico, a análise dos textos literarios realizarase a partir do paradigma dos estudos de xénero.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17	B1 B2 B7 B9	C1 C4 C6
Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega.	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 A23	B1 B3 B7	C1 C4 C6
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma.	A3 A7 A17 A19 A23 A27 A28	B5 B8	C4 C6



Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos dos procesos da creación literaria.	A2 A4 A10 A11 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6 C8
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A7 A14 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28	B5 B7 B8 B10	C1 C4 C6
Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.	A4 A10 A11 A14 A15	B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Literatura e estudos de xénero	1.1. introdución: A teoría feminista e a redefinición da realidade 1.2 O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas.
2. Crítica literaria e crítica feminista	2.1. Pensamento feminista e crítica literaria 2.2. Feminismos literarios
3. Aproximación a textos literarios galegos desde unha perspectiva de xénero	3.1. A obra de Rosalía de Castro: a construción da identidade fronte á norma 3.2. Imaxes de mulleres e discurso de xénero na narrativa de R. Otero Pedrayo e de A. R. Castelao 3.3. A esmorga de E. Blanco-Amor: unha reflexión sobre xéneros, identidades e estereotipos 3.4. M <sup>a</sup> Xosé Queizán: cuestionamento de estereotipos e das identidades de xénero desde o discurso feminista

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 A4 A10 A14 A15 A17 B2 B3 B9 C1 C6 C8	2	18	20
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A11 A14 A23 A27 A28 B1 B5 C4	8	10	18
Lecturas	A3 A7 A17 A18 A19 A20 B6 B7 C4	0	15	15
Discusión dirixida	A2 A4 A10 A11 A15 B4 B7 B8 B10 C1 C4	7	0	7
Actividades iniciais	A14 B9 C6 C8	1	0	1



Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Presentación oral	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A17 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C6 C8	2	6	8
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 C1 C6 C8	2	16	18
Sesión maxistral	A1 A3 A7 A14 A17 A18 A19	10	10	20
Atención personalizada		1.5	0	1.5
<b>*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado</b>				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos nas sesións docentes.
Análise de fontes documentais	Como actividade derivada das sesións maxistras, o alumnado terá que analizar textos (teóricos ou de creación) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a realización dos traballos.
Discusión dirixida	Ao longo de varias das sesións do curso, desenvolveranse discusións, moderadas pola profesora, sobre algún dos aspectos do temario. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.
Actividades iniciais	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, intereses, motivacións, etc.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Presentación oral	Cada alumna/o terá que facer unha presentación oral ante o conxunto da aula na data que se determinará a principio de curso. Esta presentación consistirá na exposición das liñas xerais do seu traballo final obrigatorio que, a seguir, serán submetidas a discusión.
Proba de ensaio	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos a través do desenvolvemento dun tema con certa amplitude. Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxa orientación e características formais seguirán as indicacións establecidas previamente pola profesora.  Esta proba permite avaliar a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade da/do estudante. Implica, por tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Sesión maxistral	Nas sesións docentes presentaranse os contidos teóricos da materia en combinación con preguntas dirixidas aos estudantes e propostas de exercicios prácticos. Para cada sesión, o alumnado terá que facer unha serie de lecturas obrigatorias que serán comentadas posteriormente na aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas.
Proba de ensaio	Á beira do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado pola profesora responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida fundamentalmente para o apoio á realización dos traballos tutelados. De maneira xeral, cada estudante asistirá, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega da proba de ensaio final.
Sesión maxistral	
Traballos tutelados	
Lecturas	Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.
Discusión dirixida	
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A11 A14 A23 A27 A28 B1 B5 C4	O alumnado terá que analizar en clase textos (teóricos o literarios) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.	20
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 C1 C6 C8	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos a través do desenvolvemento dun tema con certa amplitude. Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio orixinal sobre un aspecto relacionado con algún punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, así como a clarezza expositiva e expresiva. As liñas xerais deste comentario serán presentadas oralmente ao conxunto da aula e submetidas a discusión na data determinada no inicio de curso. O traballo escrito, que formalmente se axustará ás pautas definidas pola profesora, deberá ser entregado no día fixado para o exame oficial da materia.	40
Traballos tutelados	A2 A4 A10 A14 A15 A17 B2 B3 B9 C1 C6 C8	Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos na aula.	20
Discusión dirixida	A2 A4 A10 A11 A15 B4 B7 B8 B10 C1 C4	Avaliarase a participación activa nas sesións prácticas dedicadas á posta en común de cuestión e problemas previamente plantexados pola profesora. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.	15
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas resumo e/ou comentarios que se entregarán á profesora.	5

### Observacións avaliación



## 1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

## 2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

2.1. Aquele alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que presentar os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente e mais o traballo tutelado. A data límite de entrega será a marcada para o exame do mes de xullo.

2.2. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Análise de fontes documentais, Discusión dirixida e participación en Eventos científicos). Así a valoración estará composta polo 40% dos "Traballos tutelados" (que incluírá unha presentación oral) e o 60% da "Proba de ensaio".

3. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL OU CON DISPENSA ACADÉMICA O alumnado que estea matriculado a tempo parcial ou que conte con dispensa académica terá condicións especiais de avaliación: 1. Traballos tutelados: 40%, que incluírá a presentación oral 2. Proba mixta: 40% 3.

Análise de fontes documentais: 20% (presentación dun comentario escrito e doutro oral) Para fixar as datas das presentacións orais o alumnado

deberá poñerse en contacto coa profesora (carne@udc.gal) nas dúas primeiras semanas do curso. 4. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE

ADIANADA DE DECEMBRO Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 50 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 50%. 5.

CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita. 6. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA O alumnado matriculado a tempo parcial e con

dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras

non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel. 7. OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Blanco, C. (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais
  - Blanco, C. (1995 ). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais
  - Castro, O. / Reimóndez, M. (2013). Feminismos. Vigo: Xerais
  - García Negro, Mª P. (2010 ). O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo . Santiago: Sotelo Blanco
  - González Fernández, H. (2005). Elas e o paraugas totalizador. Vigo: Xerais
  - Martín, S. (2007). "Los estudios de la masculinidad. Una mirada al hombre a partir del feminismo", en Meri Torras (ed.), Cuerpo e identidade I. Barcelona: Edicions UA
  - Varela, N. (2005 ). Feminismo para principiantes. Barcelona: Ediciones B Libro
- A profesora fornecerá, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos fixados.



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Amorós, C. (coord.) (1994). Historia de la teoría feminista . Madrid: Instituto de Investigaciones feministas de la UCM /Dirección general de la Mujer</li><li>- Beltrán, E. et alii (eds) (2001). Feminismos. Debates teóricos contemporáneos. Madrid: Alianza</li><li>- Bernárdez, C. L. / Insua, E. X. / Millán, X. M. / Rei. M. / Tato, L. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra</li><li>- Blanco, C. (1995). O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo. Vigo: Nigra</li><li>- Fariña Busto, Mª J. (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas e políticas . Barcelona: Icaria</li><li>- Forcadela, M. / Noia, C. (coords.) (2011). Cara a unha poética feminista. Homenaxe a María Xosé Queizán. Vigo: Xerais</li><li>- García Negro, Mª P. (2001). Arredor de Castelao. Vigo: A Nosa Terra</li><li>- González Fernández, H. (2009). Género y nación : la construcción de un espacio literario . Barcelona: Icaria</li><li>- Macedo, A. G. / Amaral, A. L. (orgs.) (2005). Dicionário da crítica feminista. Porto : Edições Afrontamento</li><li>- Moure, T. (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións . Vigo: Galaxia</li><li>- Pena Presas, M. (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Laiovento</li><li>- Queizán, Mª X. (2008). Anti natura. Vigo: Xerais</li><li>- Rodríguez Sánchez, F. (1993). Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada. Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio</li><li>- Vilavedra, D. (1999). Historia da Literatura Galega . Vigo: Galaxia</li><li>- VV. AA.: (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra</li></ul> <p>A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.</p>
------------------------------------	--

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: [carne@udc.gal](mailto:carne@udc.gal)

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías